



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE RECOÑECEN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS OU EQUIPARABLES Á FORMACIÓN COMO MÉRITO PARA A CONSOLIDACIÓN DO COMPOÑENTE DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE AOS/AS FUNCIONARIOS/AS DAS ESCALAS DE PROFESORES/AS NUMERARIOS/AS E MESTRES/AS DE TALLER QUE IMPARTEN ENSINANZAS NOS INSTITUTOS E ESCOLAS OFICIAIS MARÍTIMO-PESQUEIRAS DA CONSELLERÍA DO MAR

ANTECEDENTES

O día 18/02/2021 reúnese a comisión de valoración para revisar os certificados e documentos presentados polas persoas interesadas na consolidación do compoñente do complemento específico por formación permanente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no seu artigo 18 adscribe á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (actualmente Consellería do Mar) as escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller. Tamén o artigo 19 establece que o seu réxime retributivo será o establecido para os/as funcionarios/as dos corpos de profesores/as de ensino secundario e de profesores/as técnicos/as de formación profesional respectivamente, destinados en centros públicos dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 12 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento e consolidación do compoñente do complemento específico aos/ás funcionarios/as das escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro terá ao seu cargo a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, **RESOLVE:**

Recoñecer as seguintes actividades de formación ou equiparables á formación para a consolidación do compoñente do complemento específico por formación permanente ao persoal funcionario das escalas de profesorado numerario e mestres de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da consellería con competencias en materia de pesca, así como a aquel persoal funcionario pertencente ás ditas escalas con destino nos servizos técnicos dependentes da dita consellería, e que figuran anexadas a esta resolución.





Estas actividades de formación cumpren co establecido na Orde do 12 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento e consolidación do compoñente do complemento específico aos/ás funcionarios/as das escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A actividade quedará inscrita no catálogo de actividades formativas que poderá ser consultado na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>

As persoas interesadas no recoñecemento de actividades de formación ou equiparable a formación, previamente a súa realización, poderán presentar ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro toda a documentación acreditativa de dita formación. As actividades serán susceptibles de recoñecemento segundo estableza a comisión de valoración, que en calquera momento poderá solicitar á persoa interesada a información necesaria para avaliar a actividade que pretenda ser recoñecida.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo de un mes desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO: cursos validados pola comisión de sexenios a incorporar no catálogo de actividades formativas

ACTIVIDADE FORMATIVA	ENTIDADE ORGANIZADORA	ESPECIALIDADE PROFESORADO A TER EN CONTA
A pesca en Europa: desafíos e perspectivas (20h)	Universidade de Vigo	Todo o profesorado
Orientación para o manexo da aula virtual. Moodle (30h)	Consellería do Mar	Todo o profesorado
Lingua Inglesa nivel C1 (nivel MCER) (130h)	Escola Oficial de Idiomas	Todo o profesorado

